

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A CREACIÓN DUNHA OFICINA DE
INFORMACIÓN TURÍSTICA Á ENTRADA DO MUNICIPIO EN SANXENXO.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Sanxenxo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a creación dunha oficina de información turística á entrada do concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.



Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- O 28 de xullo de 2017 a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Sanxenxo asinaron un convenio de colaboración a través do que se instrumentaba a concesión directa dunha subvención ao devandito concello para a realización de actividades de promoción do turismo, entre cuxas actuacións subvencionadas, e tras a addenda asinada o 14 de setembro de 2017, incluíase a “creación dunha oficina de turismo á entrada do municipio, accesible, moderna, con atención ao visitante, consulta de información e punto de encontro para visitas guiadas así como venda de merchandising”. Actuación que non se chegou a realizar por non poder conseguir a tempo as autorizacións preceptivas, extremo que se xustificou polo concello.

Quinto.- Dado o interese turístico do proxecto, valorando a grande afluencia turística do concello de Sanxenxo e a necesidade de atender e dar información turística ás persoas visitantes do mesmo e de toda a contorna, e contando actualmente coa preceptiva autorización para a súa realización da Axencia Galega de Infraestruturas, considérase de interese a subscripción do presente convenio, para a creación dunha oficina de información turística á entrada do concello.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Sanxenxo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

